#### Anuncio

## **LICITACIÓN**

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 16 de abril de 2014, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO DE INTERVENCIÓN PARA O CORPO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE LUGO.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

- 1.- Entidade adxudicadora.
- a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.
- 2.- Obxecto do contrato.
- a)Descrición do obxecto: a adquisición de equipamento de intervención para o corpo de bombeiros do Concello de Lugo.
- **b) Prazo de execución:** o prazo de subministración da totalidade das pezas do equipamento será de 120 DÍAS NATURAIS dende a formalización do contrato.
  - 3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.
  - a) Tramitación: ordinariab) Procedimiento: aberto
  - 4.- Tipo de licitación
- a) Orzamento máximo do Contrato: O valor estimado do contrato á de 46.785,12 euros, polo que aplicado o IVE (9.824,88 euros), resulta un prezo de licitación de 56.610 euros, IVE incluído.
  - 5.- Garantías:
  - a) Provisional: non se esixe
  - b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluido o IVE,
  - 6. Obtención de documentación e información.
  - a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.
  - b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.
  - c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002
  - **d) Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-86.
  - **e) Telefax:** (982) 29-72-59.
  - f) Dirección internet: www.lugo.es (Zona de servicios: perfil do contratante)
- **g) Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.
  - 7.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.
- a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.
  - b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.
  - c) Lugar de presentación:
  - 1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos.
  - 2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197
  - 3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002
  - 8.- Apertura das ofertas.
  - a) Entidade: Concello de Lugo
  - b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)
  - c) Localidade: Lugo
- d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de

ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

- 9.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.
- 10.- Gastos dos anuncios: 122,98 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 29 de xaneiro de 2014.- a Tenenta alcalde delegada da área de economía, emprendemento, autónomos e educación, Sonia Méndez García

R.1745

## MONFORTE DE LEMOS

## Anuncio

O Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 28 de febreiro do 2014 prestou aprobación á Modificación da Ordenanza Municipal de Emerxencia Social:

Titulo II

Artigo 8

6) Declaración xurada ou promesa no que se faga constar que non se ten recibido de outros organismos, e para a mesma finalidade, a axuda solicitada. Exceptúase a presentación declaración responsable de atoparse ó corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social atendendo a natureza asistencial da axuda".

Monforte de Lemos, a 28 de abril do 2014.- O ALCALDE, Severino Rodríguez Díaz

R.1735

#### Anuncio

O Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 28 de febreiro do 2014 prestou aprobación á Modificación do Regulamento da Feira Medieval.

Artigo 3. Datas e horario de funcionamento

3.1 Datas

A celebración da feira medieval terá lugar, preferentemente, durante a Semana Santa, mediante Resolución da Alcaldía concretarase o/-os día/-as do devandito acto".

Monforte de Lemos , a 16 de abril do 2014.- O ALCALDE, Severino Rodríguez Díaz

R. 1736

# **OUROL**

## Anuncio

O concello de Ourol en sesión plenaria extraordinaria celebrada o cinco de maio de dous mil catorce aprobou inicialmente o orzamento municipal para o exercicio 2014, as bases de execución, o cadro de persoal, as fontes de financiamento e demais documentación que obra no expediente. En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e demais disposicións concordantes, exponse ao público na Secretaría deste Concello, durante un prazo de quince días hábiles que empezarán a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, coa finalidade de que durante o devandito prazo se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, e que deberán ir dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Ourol, seis de maio de dous mil catorce.- O Alcalde-Presidente, Marcial Sanjurjo Fernández

R. 1747